

ARTIGO 25. REPOSICIÓN DA SITUACIÓN ALTERADA

A imposición de sancións non eximirá ao infractor da obriga de repoñer os bens afectados ao seu estado orixinario, así como da eventual indemnización polos danos causados.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As licenzas de vao autorizadas con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza rexeranse de acordo coas condicións con que foron outorgadas, e deberán, no prazo máximo de cinco anos, atender ao cumprimento do disposto nelas respecto das obras que haxa que realizar para cumprir co establecido no artigo 12.

Así mesmo, no prazo máximo de dez anos desde a entrada en vigor desta ordenanza esixiráselles aos titulares das licenzas autorizadas con anterioridade á súa entrada en vigor o cumprimento da totalidade do seu articulado.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, cando, atendidas as circunstancias concorrentes, non sexa posible a adaptación total ás determinacións da ordenanza, poderá autorizarse a prórroga da licenza de vao condicionada ao cumprimento das medidas correctoras que se estimen necesarias.

Non será de aplicación o disposto nesta disposición respecto dos prazos habilitados nos parágrafos anteriores, no suposto de que este concello execute obras de renovación integral ou parcial do pavimento dunha rúa de xeito que, cando concorra esta circunstancia, os titulares de licenzas de vaos situados en tal rúa quedan obrigados ao cumprimento do articulado da ordenanza no momento en que se leve a cabo a execución da citada obra.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta regulación derroga a Ordenanza de vaos aprobada por este concello de ser o caso.

No non previsto nela estarase ao disposto nas normas de carácter xeral reguladoras do réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor logo de que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O Grove, 26 de marzo de 2012.—O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2012003362

ANUNCIO DE LICITACIÓN

1. *Entidade adxudicadora:* Datos xerais e datos para obtención da información:

- a) Organismo. Concello do Grove.
- b) Dependencia que tramita o expediente. Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Dependencia. Secretaría.
 - 2) Domicilio. Casa do Concello, Praza do Corgo 1.
 - 3) Localidade e código postal. O Grove (36980)
 - 4) Teléfono. 986730975
 - 5) Telefax. 986731358
 - 6) Correo electrónico. tecnica@concellodogrove.com
 - 7) Dirección de Interne do perfil do contratante. www.contratosdegalicia.es
 - 8) Data límite de obtención de documentación e información. Ata o último día do prazo de presentación de ofertas.

d) Número de expediente. 7/2012

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo. Concesión

b) Descrición. Adxudicación de postos de promoción e venta durante a festa do marisco, de arroz de mariscos, berberechos, camarón, navallas, nécoras, ostra plana, ostra rizada en salsa e polbo á feira.

c) Lugar de execución/entrega:

1) Domicilio. Zona portuaria do Concello do Grove

2) Localidade e código postal. O Grove (36980)

d) Prazo de duración. 1 ano, prorrogable anualmente ata un máximo de 4 anos.

e) Admisión de prórroga. si

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación. ordinaria

b) Procedemento. Aberto.

c) Criterios de adxudicación. Os previstos no prego de condicións.

4. Valor estimado do contrato:

5. Orzamento base de licitación:

a) Importe mínimo do prezo de licitación: o 22% da facturación bruta de cada posto, no tramo comprendido de 0 a 50.000 euros e o 25 % da facturación bruta no tramo a partir de 50.000 euros.

6. Garantías esixidas.

Definitiva: 1.500 euros.

7. Requisitos específicos do contratista:

Clasificación (grupo, subgrupo e categoría): Non se esixe.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional, no seu caso. De acordo co establecido no prego de condicións administrativas.

Outros requisitos específicos. Non se prevén.

8. Presentación de ofertas e de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación. Ata o 15º día natural seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no B.O. Da Provincia de Pontevedra.

b) Modalidade de presentación. Presencial ou por correo

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia: Rexistro xeral.

2. Domicilio: Casa do Concello, Praza do Corgo 1.

3. Localidade e código postal: O Grove (36980)

4. Dirección electrónica: www.contratosdegalicia.es

9. Apertura de ofertas:

a) Descrición.

b) Dirección. Casa do Concello, Praza do Corgo, 1

c) Localidade e código postal. O Grove (36980)

d) Data e hora. Ás 13: 00 horas do terceiro día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de ofertas (agás sábado).

10. Gastos de publicidade. Máximo 150 euros, por conta do contratista.

O Grove, 26 de marzo de 2012.—O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2012003361